


# A cerimonia do adeus

**POESÍA** A autora penetra nos intersticios do tempo vivido, sen subterfuxios, conseguindo que a lectora e o lector se vexan reflectidos nos seus poemas.

Rosa Enríquez **Texto**

**N**estes días é a cerimonia dunha despedida, dun adeus que se traza lenemente, na procura daqueles obxectos que nos conteñen, antes de abandonarmos ese lugar que non desexamos habitar. Hai, polo tanto, unha certa cadencia que parece suspender o tempo nese movemento vagaroso de apañar anacos do pasado para irse despois cos restos do propio corazón - que sabe *"Atopar luz no átomo/ e na cinsa"*- metidos en caixas e máis caixas. Porque cómpre iniciar un tránsito diferente, bordear novos precipicios. Renovarse. E para isto, reclamar unha caixa grande, capaz de levar con nós o peso da memoria dos días sucesivos, aqueles que conforman un avultado recipiente de cousas vividas, porque non é posíbel irse de todo e necesitamos amar o que fomos, ollar con simpatía o vivido, malia a dor que isto poida causar. *"Unha caixa grande,/ - escribe a poeta- moi grande e resistente,/ por favor,/ pido"*.

Todas as persoas precisamos desa resistencia para comezar outro tramo distinto da vida e afrontar o que veña. Por iso, *nestes días*, o terceiro poemario de M. Neves Soutelo -antes foron *CÓDIGO POÉTICO*, Premio Eusebio Lorenzo Baleirón, publicado por Sotelo Blanco, e *diáspora*, editado en Acha Escrava- é un deses libros nos que a lectora -ou lector- poderá identificarse. Natural e sinxelo, *nestes días* indaga na intrascendencia e irrelevancia do eu, na sensación de ambigüidade que se experimenta ao reflexionarmos sobre a propia experiencia. No temor. Podemos entón atopar nestes poemas a voz da poeta estradense máis firme e sabia que



*nestes días*

María Neves Soutelo

A porta verde do sétimo andar, 2014

**É a súa unha poesía fina e limpa que nos envolve nun entramado de sensacións coas que Soutelo recupera o verdadeiro significado de "recordar": volver a vista atrás co corazón.**

nunca. Non ten medo de aparecer no texto, non se agacha.

É a súa unha poesía fina e limpa que nos envolve nun entramado de sensacións coas que Soutelo recupera o verdadeiro significado de *"recordar"*: volver a vista atrás co corazón: ollar polo espello retrovisor a propia fraxilidade: amarse retrospectivamente. Ve o pasado de seu no tacto das teas - *"Cada dobrez,/ un recordo,/ un intré"*-, nos aromas - *"Aroma da casa vella,/ iraste consumindo./ Mudando deva-*

*gar/ noutro olor indefinido/ entre este salitre/ que se respira na aurora de cada mañá"*-, nos sons - *"voces que besbellan/ no salón da nosa casa"*-, nas visións - *"Non desesperar mentres limpo os vidros/ deste po sucio e molesto/ de tubo de escape e gasoil mal queimado"*- e tamén nos sabores - *"facer café e torradas cada mañá"*-.

No proceso do adeus, calmoso e meditado, asúmese a dúbida, a inseguridade e o devandito temor. Asímeso na medida en que se comprende que forma parte da vida. Non podemos empacotar o medo nunha caixa, porque, o día menos esperado, rebentará e isto doerá moito máis. *"Entre os vultos,/ cancro de saudade,/ asaltándome a diario en cada curruncho escuro da casa/ un labirinto de preguntas e frustracións/ que non se resoven nunca"*.

Paréceme entón que Neves Soutelo se sitúa con este libro nunha liña exteriorista, pouco habitual na poesía galega, que busca ofrecer o que realmente coñece. Sen hermetismo. E con isto non pretendo dicir que o hermetismo sexa algo contraproducente, conste. Simplemente me interesa menos, porque, como lectora, me gusta disfrutar do escrito e a lectura detectivesca de textos creados para este fin, fatígame bastante. Por iso valoro tanto a naturalidade dos poemas de Neves Soutelo, que, obviamente, coloca a autora entre as propostas poéticas máis radicais, na medida en que intenta penetrar nos intersticios do tempo vivido, sen subterfuxios, conseguindo, insisto, que a lectora e o lector se vexan reflectidos nos seus poemas, *"(...) eses ósos descoloridos dunha historia"*, como escribiu A. Roy.